

III XORNADA

anual sobre políticas alimentarias

Seguridade alimentaria
“da granxa á mesa”



19 de abril de 2024
9.00-14.00 h
Edificio Politécnico
Facultade de Ciencias
Campus de Ourense

II XORNADA

anual sobre políticas alimentarias

Seguridade alimentaria
“da granxa á mesa”



19 de abril de 2024
9.00-14.00 h
Edificio Politécnico
Facultade de Ciencias
Campus de Ourense

Universidade de Vigo

Xornada Seguridade Alimentaria “da granxa á mesa”

O obxectivo das políticas alimentarias da Unión Europea (UE) en materia de seguridade alimentaria é protexer aos consumidores, así como garantir un bo funcionamento do mercado interior. Neste senso, a avaliación de posibles riscos alimentarios eríxese como a base científica para a toma de decisións en materia de seguridade alimentaria e nutrición. A xestión da seguridade alimentaria require dunha lexislación alimentaria europea que abarque toda a cadea alimentaria, «da granxa á mesa», de forma integrada e aplicando o concepto «unha soa saúde»; unha lexislación de obrigado cumprimento para tódolos operadores involucrados nas distintas etapas da cadea alimentaria. Pero, ao mesmo tempo, son precisos os estritos controis oficiais que realiza a administración pública, tanto dos alimentos producidos na UE como dos procedentes de fóra das nosas fronteiras co fin de garantir a seguridade dos mesmos. Esta xornada pretende ser un punto de encontro entre os distintos axentes da cadea alimentaria que trasladarán a súa experiencia no ámbito da seguridade alimentaria.

Información

Organizan: Raquel Rial Otero, Beatriz Cancho Grande, Elena Martínez Carballo e Carmen González Barreiro, investigadoras do grupo Food and Health Omics

Inscripcións antes do 12 de abril: aquelas persoas interesadas en participar na xornada deben inscribirse a través do link habilitado na páxina web do grupo (www.foodandhealthomics.es)

Programa

9.00 h Recepción dos asistentes

9.30 h Presentación da xornada

- Javier Rodríguez Rajo
Vicerreitor do Campus de Ourense

9.45 h *Avaliación de riscos alimentarios e identificación de emerxentes no marco das actuacións da AESAN: O labor do Comité Científico*

- Azucena del Carmen Mora Gutiérrez
Catedrática do Departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Comité Científico da Axencia Española de Seguridade Alimentaria e Nutrición (AESAN)

10.30 h *O compromiso hixiénico dos operadores na industria alimentaria: a fronteira invisible para protexer os nosos alimentos*

- Noelia Ron Vega
Conselleira Técnica de Hixiene da empresa Kersia

11.00 h *A integración da seguridade e a calidade no sistema de autocontrol*

- Andrés Pereira Salgueiro
Adxunto á dirección da empresa Queizuar, S.L

11.30-12.00 h Descanso. Pausa para café

12.00 h *O rol do laboratorio de Saúde Pública de Galicia no marco dos programas de vixilancia e control oficial de alimentos*

- Nieves Infanzón Álvarez
Directora do Laboratorio de Saúde Pública de Galicia

12.30 h *O rol do inspector de Saúde Pública no control oficial da cadea alimentaria*

- Luís Couto Lorenzo
Inspector técnico veterinario e xefe de zona de Lalín dos servizos veterinarios de Saúde Pública. Vogal da Sociedade Española de Seguridade e Calidade Alimentarias (SESAL)

13.00-13.45 h Mesa redonda

13.45 h Peche da xornada

- Pedro Araújo Nespereira
Decano da Facultade de Ciencias

Contacto

Beatriz Cancho Grande

+ 34 988 387 323

foodhealthomics@uvigo.gal